

RODOLFO PRADA  
CONSTITUCION 4246  
Buenos Aires

Santiago (Chile): 22 Nadal 1967.

Señor,  
D. Luis Tobio,  
Ma. de Guzmán 54 - 4º -B.a.  
Madrid.3.

Ben querido amigo:

Eiqui estou en terras chilenas a pasar as crásicas festas coa miña muller na compañía dos nosos fillos e netos. Deixei por uns dias o trafego de Bos Aires eo recargo de labouras e preocupacíds -de orde comercial e de orde patriótico - e aproveito iste folgo pra respostar a sua tan aprezada carta datada o 20 do derradeiro outubro e tamén seu garimoso christman do 30 de San Martiño. E prégolle perdoarme a tardanza.

Amostrei sua carta a Don Manuel e tanto éle como eu agradecemos moihsimo o intrés e boa vontade de colaboración que vosté espresa.

Imposto ampramente Don Manuel das tan atinadas consideracíds que vosté fai encol da impresión de 3º volume da Ha.de Ga., andaba a estudar o camiño a seguir - o de Barreiro ou o de Galaxia - cando sofriu un accidente: rexía caídanunha por fuxir dun auto que se lles viña enriba e como consecuencia fraitura dun brazo. Foi disgracia con sorte, pois a cousa podido ser fatal, xa que logrou eludir ser tumulado e esmagallo por lo coche. Dai que xa se non ocupou máis da custidón. Agora, felismente, xa vai estando casi reposto e cando eu volte a Bos Aires, a mediados de xaneiro, verei de que tome definitiva decisión. A min me parece que a via Galaxia é a más doada e comenente pra mellor **sécuranza** do coidado da edizón. Penso que, o ñeoco incomenente apontado por vosté, - desemellanza de tipos de imprenta -, non pode sere de importancia. Teñou observado desemellanzas en obras importantes de moitos volumes editados moi espaciadamente. Don Manuel, por razóns de boa cantidade de fondos que ten naquél país (Uruguay) semi-brqueados, amostraba incrínacíds pola via Barreiro. Acocho espranzas de o poder incrinar por Galaxia. Nin ben elo se resolva escribirei a vosté. Na mentras, dun xeito ou de outro, seria comenente que vosté fose revisando os orixinaes do traballo de Cuevillas complementado por Taboada a ouxeto de uniformar ortografía, etc. -

Inda que xa lle envieí tarxeta cos saudos de Nadal e Aninovo, prácame reiterarlle meus melhores desexos de felicidade naviadeña e de moi ventureiro ano 1968 na compañía dos seus.

Reciba fortes apertas de seu decote amigo,